




SE EU FOSE ...

Se eu fose o fluído que forma a nosa atmosfera, ondearía as cortinas de fiestras abertas de par en par, que nos mostran o seu escuro interior, ao cal levaría calor e frío. Reflectiría a frescura da alborada e o adormecer do solpor. Arrancaría esa desesperanza arraigada en corazóns anteriormente vivos e regalaría respiros de vida, grans de morte e suspiros de eternidade. Sería o transporte de odio, ira e bágoas, suor e sangue, gritos e cantos, alegrías e penas, tristezas, esquecementos, recordos e retratos xa borrados dos ollos húmidos a causa de choros pero permanentes na cabeza e que perdurarán ata o final dos tempos.

Auga que brota do manancial sacro; lume que ilumina o negro das Profundidades, que desprende valentes faíscas que abandonan o seu fogar, e que cobre cun fino manto de fume todo o que o rodea; terra que aporta ingredientes para a elaboración do prana; si, amiga, se eu fose aire... estaría presente nos primeiros elementos. Sería filla da vida, unha lei matemática, rexedora de cada movemento e invariable e



estrita, sen disface de infancia, adolescencia, madurez ou vellez.

Escribiría con tinta imborrable e inesquecible o curso da existencia, como o autor que move con agarimo a súa pluma para levarnos polos infinitos camiños da imaxinación.

Pero non sería portadora do estigma de Caín; nin arquitecta do meu destino; nin capitá da miña alma.

Porque sería eterna. Porque sempre existiría. Porque nunca marcharía.

Rosa Mato Amboage.
B1A

Intres

42

Febrero 2005

Se eu fose escritora, crearía nos meus contos un mundo no que todas e cada unha das persoas fosen felices. Neste mundo imaxinado, pero, dende logo, mellor ca este no que nos tocou vivir, non habería cabida para o sufrimento, a angustia ou a pobreza, pois as xentes só estarían ocupadas en pasar a súa curta existencia do mellor xeito, vivindo para iso, en harmonía cos seus iguais. Daquela, non serían precisas normas nin leis, e así mesmo, non farían falla persoeiros que ostentasen cargos inútiles, enriquecéndose así grazas aos impostos dunhas xentes ignorantes no canto de que ese diñeiro de todos axudase a paliar a fame no mundo; por iso, nesa miña Terra, as diferenzas entre ricos e pobres veríanse reducidas ao máis mínimo gran de area.

Mais, de volta na realidade, se eu fose escritora, tentaría traer ese meu mundo imaxinado a estoutro tan verdadeiro con múltiples vantaxes, pero desgraciadamente, con outros tantos defectos. Así, por exemplo, unha boa parte dos cartos que gañase grazas aos meus fieis lectores destinaríaa á loita contra enfermidades coma o cancro, o SIDA ou a drogadicción. E unha das miñas grandes afeccións sería axudar ás persoas que malviven en países do Terceiro Mundo; para iso colaboraría como voluntaria en ONGs ou na Cruz Vermella. Quizais só así conseguiría reducir o sentimento de culpa por vivir nun país do hemisferio rico finxindo ser allea aos problemas da outra metade do mundo.

É posíbel, que se todos puxésemos un granciño de area, aquel mundo dos meus libros non estivese tan afastado deste que ninguén sabe quen imaxinou.

Beatriz Rey Gosenje. B1A

Se eu fose rica, tería o que sempre soñei, os coches que me gustan, as motos que sempre quixen, toda a roupa que desexase e probablemente moitos máis amigos, porque neste mundo hai de todo.

Mercaría o instituto e nel faría un centro recreativo, aínda que sei que a algúns desta clase lles molestaría e botaríano de menos.

Se eu fose Deus, non faría así o mundo. O ceo sería de cor laranxa e todos os humanos teríamos superpoderes. Non existiría o colexio, habería traballo para todos, ou mellor dito, viviríamos todos do aire, que é moito mellor.

Se eu fose Presidenta do Goberno, loitaría pola igualdade de xénero e nada sería como é. Quitaría a lei de estranxeiría... ¡Fóra fronteiras! Que saia e entre quen queira.

Marta Blanco González